



## INSTRUCCIÓN 2/2014 SOBRE O HORARIO DE COMPULSA DO REXISTRO XERAL E DOS REXISTROS DOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS DA XUNTA DE GALICIA

O artigo 38.5 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común recolle que os cidadáns poderán achegar copia dos documentos que presenten xunto coas súas solicitudes, escritos e comunicacións. A dita copia, logo do cotexo co orixinal por calquera dos rexistros oficiais, seralle remitida ao órgano destinatario e o orixinal devolveráselle ao cidadán, agás que este deba figurar no procedemento.

Polo tanto, a compulsa é un acto administrativo que debe realizarse no momento da presentación dos orixinais e copias, devolvéndolle no mesmo momento o orixinal ao cidadán.

Deste xeito, para aquelas solicitudes, escritos e comunicacións que requiran a presentación de documentación compulsada anexa ao escrito e que impliquen a compulsa masiva de documentos, o Rexistro Xeral e os rexistros dos edificios administrativos de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, en aras de evitar perdas de tempo a cidadanía e facilitar a labor dos funcionarios do rexistro, establecece como horario límite para efectuar a dilixencia de compulsa nos ditos documentos o seguinte:

- De luns a venres, as 18:00 horas.
- Sábados e 24 e 31 de decembro (cando sexan laborables): as 13:00 horas.
- Durante o horario de verán, as 13:00 horas.

En cumprimento do artigo 38.6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 12 do 14 de xaneiro de 1999 ), darase publicidade a esta instrucción



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA

galicia

Secretaría Xeral Técnica

nas oficinas de rexistro e información á cidadanía , así como na páxina web da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 setembro de 2014

O Vicesecretario Xeral

Joaquín Macho Canales

